

# 2020

## anuario

DE LA EURORREGIÓN  
DA EURORREXIÓN  
DA EURORREGIÃO

GALICIA-NORTE DE PORTUGAL



## ESPECIAL ANIVERSÁRIO

AGRUPAMENTO EUROPEU DE  
COOPERAÇÃO TERRITORIAL GALIZA-NORTE DE PORTUGAL

## ESPECIAL ANIVERSARIO

AGRUPACIÓN EUROPEA DE  
COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL



# ÍNDICE

## SAÚDAS - BOAS-VINDAS

- O décimo aniversario da AECT  
da Eurorrexión **4**  
**Alberto Núñez Feijóo**
- O renascimento de uma Eurorregião **5**  
**António M. Cunha**
- Sempre por diante **6**  
**AECT da Eurorrexión Galicia-Norte**

## ANUARIO 2020

### ANÁLISE

- O perigo do coronautoritarismo **10**  
**Pedro Araújo**
- O ano cero **14**  
**Ernesto S. Pombo**

### AS GRANDES CITAS - DESTAQUES

- Na pesquisa da resiliéncia da Península Ibérica **18**
- Feijóo revalida a súa cuarta mayoría absoluta en medio dunha pandemia **22**
- António M. Cunha eleito presidente da CCDR Norte **25**

### INSTITUCIONAL E EUROPEA - INSTITUCIONAL E EUROPEIA

- Aposta pola innovación, a ecoloxía, a cohesión e o reto demográfico nun contexto marcado pola COVID-19 **28**  
**Beatriz Alvariño**

- La AECT promueve medidas para favorecer la movilidad de los niños lusos y españoles **34**

Simplificação da circulación de trabalhadores transfronteiriços	<b>35</b>	<b>ESPECIAL 10º ANIVERSARIO</b>
POCTEP: el impulso de los proyectos IACOBUS y Nortear	<b>36</b>	O encontro inevitável <b>David Pontes</b>
Construir uma área segura e confiável	<b>38</b>	Normalizar a normalidade <b>Ernesto S. Pombo</b>

<b>ECONOMÍA E EMPRESA - ECONOMIA E EMPRESA</b>		
OnEJob 2020: 50.000 estudantes e ex-alunos à procura de empleo	<b>40</b>	Jesús Gamallo: "Nuestra estrategia de Reactivación de la Cooperación Transfronteriza tras el cierre de la frontera nos situó como ejemplo en Bruselas"
Las oportunidades de la economía azul en la Eurorregión	<b>43</b>	Elvira Vieira: "Era importante o AECT apostar na economía social" <b>Alexandra Figueira</b>

<b>INVESTIGACIÓN - INVESTIGAÇÃO</b>		
O IACOBUS crece e atrae a seis fundacións e centros clínicos e de investigación	<b>46</b>	Xosé Lago: "Galicia non se entendería sen a súa cooperación co Norte de Portugal"

<b>CULTURA E TURISMO</b>		
Alfonso Rueda: "Portugal é o primeiro cliente turístico internacional de Galicia"	<b>50</b>	10 anos de emprego e investigación <b>80</b>
"Facendo Caminho" con 96.000 peregrinos	<b>52</b>	Eurorregião aprofunda relación com mais estradas e ferrovia <b>Alexandra Figueira</b>

<b>AS GRANDES CITAS - DESTAQUES</b>		
Célia Fraga vence com Ganapos o prémio NORTEAR para jovens escritores da Eurorregião	<b>54</b>	Uma frontera que nunca existiu <b>88</b>
El IKFEM crece en tiempos de COVID	<b>56</b>	Relações literárias entre a Galiza e Portugal <b>Mário Santos</b>

Os Bolechas viaxan polo Patrimonio Mundial da Eurorrexión	<b>58</b>	Diez anos de cooperación: Interreg <b>96</b> España-Portugal y la Eurorregión Galicia-Norte de Portugal
Pontes de amizade nos V Prémios aRi[t]mar	<b>59</b>	Cooperación, competencia y complementariedad, claves de las relaciones económicas entre Galicia y Norte de Portugal <b>Beatriz Alvariño</b>
Olhar o Gerês-Xurés	<b>60</b>	Lugares de crecimiento <b>102</b> <b>Slaven Klövucar</b>

<b>PERSOEIROS - PESSOAS DESTACADAS 2020</b>	<b>62</b>	Tiempos en los que no resulta fácil predecir <b>Martín Guillermo Ramírez</b>
---	-----------	---

<b>MOMENTOS CLAVE - CHAVE 2010-2020</b>	<b>106</b>
---	------------

**2020**  
**anuario**  
DE LA EURORREGIÓN  
DA EURORREXIÓN  
DA EURORREGIÃO

GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

EDITA: Binomio Comunicación  
C/ Eduardo Iglesias 8, portal 2, 1º, Ofic. 2  
36202 Vigo (Pontevedra)

ARQUIVO FOTOGRÁFICO: Xunta de Galicia,  
Congreso dos Deputados, GNP, AECT,  
Presidencia do Goberno de España, Moncloa,  
Goberno de Portugal, UVigo, Alfredo Cunha,  
Alberto Almeida e Antía Méndez.

IMPRIME: SGRAF ARTES GRÁFICAS S.L.  
Rúa Santiago de Compostela, nave E-F  
15142 Arteixo (A Coruña)

ESTA PUBLICACIÓN CUENTA CON EL APOYO DE



AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL  
GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (GNP, AECT)  
C/Eduardo Cabello s/n (Edificio CETMAR), Bouzas  
36208 Vigo (Pontevedra) - España.  
Tel: +34 986135126 - FAX +34 986248613  
gnpaect@gnpaect.eu - www.gnpaect.eu

# O décimo aniversario da AECT da Eurorrexión

**ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA



**E**n 2020, cando tantas persoas se enfrentan a situacions graves e complexas provocadas pola pandemia, cando moitos cidadáns senten incerteza e preocupación pola súa situación económica, é necesario que todos fagamos un grande esforzo colectivo. Un esforzo co que mostremos a nosa enerxía e capacidade, e co que poñamos de relevancia a nosa vontade inquebrantable e decidida de superación. Quizais sexa este un momento no que resulta particularmente necesario lembrar o que nos une e o que temos de construtivo e evocar a consolidación dunha etapa de colaboración vizosa e dun período único da nosa historia como Eurorrexión: o décimo aniversario da Agrupación Europea de Cooperación Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), a AECT da Eurorrexión.

Esta década de traballo acompañado representa unha grande oportunidade para lembrar e recoñecer a dimensión histórica da cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal. A cooperación transfronteiriza consolida unha dimensión nova do desenvolvemento rexional e local, que rompe ríxidas divisóns creando áreas novas que non encaixan na lóxica dos Estados. Neste contexto, o labor da AECT a prol da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal constitúe un exemplo significativo de cooperación e integración transfronteiriza.

Xuntos, galegos e portugueses diriximos a estrutura de cooperación transfronteiriza máis exitosa da Península Ibérica. Precisamente, neste contexto ibérico, estou convencido de que a nosa experiencia cooperativa reviste un carácter referencial para outras actividades que se desenvolven entre Comunidades Autónomas (Andalucía, Estremadura, Castela-León) e outras Comisións de coordinación rexional lusas (Centro, Alentexo, Algarve).

Nos seus dez anos de existencia, a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT) conseguiu importantes avances en diferentes ámbitos: un dos méritos da AECT é o de poñer en valor o coñecemento e a confianza recíproca entre as autoridades político-administrativas lusas e galegas, notablemente nos niveis rexional e local. Isto posibilita o intercambio de información, de coñecementos e experiencias prácticas e permite a forxa das bases de novos hábitos e pautas de actuación política e administrativa.

Outro dos grandes éxitos destes dez anos de traballo é o Programa de Cooperación Interuniversitaria IACOBUS, que ten como obxectivo a promoción de actividades conxuntas de investigación, formación e divulgación na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal entre institucións de ensino superior ou centros tecnolóxicos. Así mesmo, no eido do emprego desenvolvéronse os Job Days, un proxecto de aproximación entre as empresas e os traballadores da Eurorrexión, co que se asinaron xa máis de cen contratos de traballo. E no da cultura, conxunta e compartida entre Galicia e o Norte de Portugal, artellouse o proxecto NORTEAR, que ten como principais propósitos distinguir anualmente obras literarias orixinais de ambas as dúas beiras do Miño, incentivar a produción literaria entre a mocidade galega e portuguesa, e favorecer a circulación e distribución de obras literarias entre Galicia e Portugal, para reforzar o diálogo cultural entre os dous territorios.

A AECT da Eurorrexión é, na actualidade, un instrumento importantísimo no fomento da relación entre España e Portugal, pero tamén na defensa e construcción de oportunidades para os máis de seis millóns de persoas que residen e traballan na Eurorrexión. O seu obxectivo prioritario é dar continuidade aos resultados positivos destes 10 anos de actividade en prol da cooperación desenvolvida entre as dúas rexións, de xeito moi particular respectando e dando corpo ás orientacións estratégicas definidas pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Merece unha mención especial a elaboración dun novo Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) que marcará a liña do traballo da Eurorrexión para o período 2021-2027.

Desde este outro centro de Europa que configuran o Norte de Portugal e Galicia, levamos tempo demostrando que a substitución de muros por pontes é una opción de éxito, e por iso ocupamos unha posición de vanguarda na senda da integración eurorrexional.

Calquera que coñeza Galicia, calquera que coñeza o Norte de Portugal, calquera que coñeza o que fixemos xuntos, pode dar fe de que a relación entre Galicia e Portugal é complexa e expansiva, pero atopa o seu nexo perfecto na existencia dunha auténtica Eurorrexión europea, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Esa que se converte no enlace natural entre dúas grandes nacións, linguas e culturas, próximas e complementarias, como son a portuguesa e a española.

# O renascimento de uma Euroregião

**ANTÓNIO M. CUNHA**

PRESIDENTE DA COMISSÃO DE COORDENAÇÃO E DESENVOLVIMENTO REGIONAL DO NORTE (CCDR-N)



A pandemia que assolou especialmente a Europa em 2020 condicionou e alterou modos de vida, de trabalho e de relacionamento, com particular incidência nesta Euroregião. As vivências partilhadas diariamente entre as populações do Norte e da Galiza, exemplo de cooperação, amizade e fraternidade entre regiões da União foram dramaticamente interrompidas. De facto, o simbolismo negativo do retorno da vigilância e controlo entre fronteiras que, para muitos pouco mais eram que uma linha imaginária, não pode ser uma pausa na construção de processo, mas antes a oportunidade de reflexão sobre o aprofundamento da cooperação entre estas duas regiões irmãs.

De facto, o ano de 2020 obrigou-nos a repensar posicionamentos, decisões e atitudes nas nossas dimensões pessoais e profissionais, bem como das nossas organizações e instituições. Neste Noroeste Peninsular, obrigou-nos a refletir sobre como foi possível reagir às necessidades das populações do Norte e da Galiza e dos seus espaços, físicos e virtuais, de interação.

Pela sua importância e simbolismo, sinalizo três acontecimentos. Em primeiro lugar, o prémio europeu b-Solutions, reconhecimento do projeto do GNP, AECT para a mobilidade de trabalhadores transfronteiriços, que se revelou fulcral nos períodos de contingência.

Em segundo lugar, o alargamento do IACOBUS - programa de cooperação em investigação universitária e científica - às fundações, centros académicos clínicos e institutos de investigação de saúde, como resposta ao combate da COVID-19 e a necessidades futuras de ambas as regiões.

Por último, o encontro entre os Presidentes da CCDR-Norte e da Xunta de Galicia. Um momento de afirmação do desejo de aprofundar a cooperação entre as duas regiões, assente numa renovada ambição, no contexto dos desafios que se avizinham, e na construção de uma cooperação alargada ancorada em atos conjuntos de ambas.

A partir deste quadro de complexidade, mas também de esperança, olhamos para 2021 como ano de renascimento da relevância de território onde, diariamente, mais de 6 milhões de galegos e portugueses partilham famílias, trabalhos, línguas e um património cultural muito semelhante. Aliás, mais que semelhante, um universo cultural comum.

Teremos marcos importantes para assinalar este tempo, que queremos novo.

A comemoração dos 30 anos da criação Comunidade de Trabalho Galiza-Norte de Portugal será um fórum fundamental para a discussão e análise de projetos comuns aos territórios, com a consequente aprovação do Plano de Investimentos Conjuntos entre o Norte e a Galiza (período 2021-2027).

O segundo marco celebrará a primeira década do Agrupamento Europeu de Cooperação Transfronteiriça Galicia-Norte de Portugal. Celebrará a maturidade para pensar e aplicar um plano conjunto para temáticas como a mobilidade, o combate aos incêndios, a energia e a proteção da biodiversidade entre as duas regiões. Um futuro em que será vital discutir a mobilidade entre trabalhadores, a emigração, a conectividade digital e o desenvolvimento digital, de forma a combater o cada vez mais ameaçador envelhecimento da população, a exclusão social e baixa taxa de natalidade.

Uma Euroregião mais forte é essencial para o futuro no Norte e da Galiza e para o modo como enfrentar os seus desafios e oportunidades. Enquanto Presidente da CCDR-Norte estou comprometido com este objetivo, e convicto da mesma determinação da Xunta de Galicia.

É para concretizar esta agenda conjunta que trabalharemos na construção de verdadeira cooperação nos próximos anos, tendo 2021 como ano de relançamento de uma renovada esperança nos frutos deste agrupamento territorial transfronteiriço.

# Sempre por diante

## AECT DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

**E**n 2020 cumplimos unha década como Agrupación Europea de Cooperación Territorial e, en 2021, celebramos os trinta anos desde o nacemento da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. A primeira non se entendería sen a segunda. E esta non tería razón de ser se non fose polas décadas de relación anterior, de convivencia, de naturalidade desta fronteira. Como subliña nestas páxinas Jesús Gamallo, director xeral de Relacións coa UE da Xunta de Galicia, unha Eurorrexión así “non se improvisa. Detrás hai unha identificación, un substrato histórico”. Polo tanto, a AECT da Eurorrexión cumpre dez anos pero o xerme dela está nos nosos devanceiros. O novo presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte, CCDR-N, António M. Cunha afirmou no seu primeiro acto da Eurorrexión: “somos praticamente as mesmas persoas e o mesmo pobo”. Como dixo tamén o vicepresidente primeiro, Alfonso Rueda, no acto de ampliación do IACOBUS ás fundacións, centros académicos clínicos e institutos de investigación de saúde, “esta fronteira é a máis permeable, onde se percibe mellor que as fronteiras non se ven e temos anos por diante para afrontar novos plantexamentos de cooperación e lealdade”.

**Se fomos os primeiros en constituírnos como AECT na Península e terceiros en Europa, é polo que tiñamos ganado de antes. Se somos unha agrupación que vai por diante en Europa é polo camiño xa andado no entendemento**

Se fomos os primeiros en constituírnos como AECT na Península e terceiros en Europa, é polo que tiñamos ganado de antes. Se somos unha agrupación que vai por diante en Europa é polo camiño xa andado no entendemento. Nestes tempos de pandemia, cando, por primeira vez, nos pecharon -non só a nosa fronteira, senón tamén as nosas pontes-, exemplificouse a fortaleza do noso vínculo. Non é que non o souberamos antes, é que a separación física por mor do estado de alarma deuños a razón niso de que o norte de Portugal e Galicia son administrativamente dous territorios que forman parte de dous estados diferentes pero na práctica -no día a día, no movemento de persoas e de mercadorías- funciona igual que dúas localidades dunha mesma bisbarra.

O compromiso da Eurorrexión era que houbese un organismo auspiciado pola Unión Europea con personalidade

xurídica que dese axilidade, concreción, solución e respostas aos problemas de vivir partidos por dúas administracións estatais distintas. E nesa liña temos as propostas presentadas a programas como os b-Solutions, que van a pé de rúa na procura dunha solución e actuacións como os Job Days para seguir facilitando a mobilidade de traballadores, avalados e coa experiencia do EURES.

**A pandemia demostrounos o xuntos que estabamos. Por iso, fomos de novo os primeiros en pór en marcha un plan de reactivación da cooperación de proximidade na fronteira que foi presentado na XXI Cimeira ibérica**

A pandemia demostrounos o xuntos que estabamos. Por iso, fomos de novo os primeiros en pór en marcha un plan de reactivación da cooperación de proximidade na fronteira que foi presentado na XXI Cimeira ibérica. E, unha vez más, estivemos por diante. E Bruxelas volveu mirar cara nós como un exemplo de convivencia, de vida común. Como destaca a primeira directora que tivo a AECT, Elvira Vieira, nestas páxinas: “a relación do pobo da raia é moito máis forte do que é unha situación exterior como a pandemia”.

Este anuario commemora un aniversario de éxitos a través do crecemento dos proxectos que máis nos unen, como o IACOBUS ou o NORTEAR, pero tamén pretende facer un percorrido por esta década de traballo, conversando con voces sabias aos dous lados da fronteira, como as de Sergio Castro, Manuel Manquiña, Ramón Nicolás e Carla Amado e as empresas, os proxectos emprendedores, os dinamizadores económicos galegos e portugueses que estreitan a súa man cada día.

Tamén coa vista posta nas infraestruturas que temos pendentes, os retos do emprego nesta pandemia. Facer balance para coller máis pulo aínda. Porque as cousas cando se fan ben só dan máis forza para continuar. Por iso elaboramos, para seguir estando por diante, o Plan de Investimentos Conxuntos, PIC 2021-2027, unha guía para esta Eurorrexión coa vista posta no novo septenio, en liña coas prioridades europeas, conscientes da nosa realidade actual e reforzando a competitividade e o valor dos puntos fortes deste espazo común: a innovación, a ecoloxía, a cohesión e o reto demográfico.

En detalle os nosos próximos obxectivos son consolidar a capacidade de resiliencia da Eurorrexión para afrontar

as dificultades e responder rapidamente ás futuras crises; recuperar a confianza da cidadanía; consolidar os dereitos sociais; avanzar no proceso de dixitalización; promover dun xeito intelixente, decidido e sostible as futuras transicións ambientais, enerxéticas, dixitais e do mercado do traballo, e garantir o carácter dinámico do Plan de Investimentos cunha comisión de acompañamento e avaliación do mesmo.

Este é o camiño adecuado, o de reformular e seguir creando un espazo único, un exemplo. Anticiparse para seguir construíndo e facendo medrar a nosa colaboración no marco do IACOBUS -agora ampliado a centros académicos sanitarios-, pero xa pensando en que se creen patentes convxuntamente entre equipos de investigación mixtos

integrados por galegos e portugueses. Ou ver medrar un NORTEAR que da continuidade a esa relación familiar e afectuosa das letras galegas e portuguesas, personalizado en Teixeira de Pascoaes, amigo de Vicente Risco ou na admiración que José Saramago sentía pola obra de Gonzalo Torrente Ballester. A naturalidade das tres linguas oficiais que aumentan o entendemento entre todos.

Coa mirada posta entre o que fomos e o que seremos, o actual director da AECT, Xosé Lago sinala tamén neste anuario: "Galicia non se entendería sen a súa cooperación co Norte de Portugal. Neste momento hai un compás es espera coa pandemia pero seguiremos profundando na cooperación".



# 2020

## anuario

DE LA EURORREGIÓN  
DA EURORREXIÓN  
DA EURORREGIÃO

GALICIA-NORTE DE PORTUGAL



# O perigo do coronautoritarismo

PEDRO ARAÚJO

EDITOR DE ECONOMIA DO JORNAL DE NOTÍCIAS (PORTO, PORTUGAL)



Donos de restaurantes protestam, no Porto, Portugal.

A propagação do novo coronavírus não resultou de um “crime e castigo”, parafraseando a obra histórica de Fiódor Dostoiévski, mas gerou em grande parte dos países uma crise que representa um pesado fardo económico e social. Em primeiro lugar, não terá sido crime, exceto talvez para os fervorosos adeptos de teorias conspirativas segundo as quais o vírus foi criado pelos chineses para que estes acentuassem o seu domínio económico a nível mundial. A expressão “coronautoritarismo” sintetiza a tensão crítica entre as liberdades (sempre relativas e nunca absolutas) típicas das democracias ocidentais, por um lado, e os estados de exceção que muitos governos adotaram com vista a limitar a propagação da COVID-19, por outro.

Visto o problema a partir de um cantinho do planeta, como é o caso da Península Ibérica, tudo pareceria ficção científica se fosse possível recuar a janeiro ou a fevereiro de 2020. Os responsáveis máximos pelos serviços nacionais de saúde referiam, no início do ano, que um novo vírus despontara

lá bem longe, na China, reafirmando demasiadas vezes que o risco era menosprezável. O ébola, bem pior do que o novo coronavírus, também ficou bem longe da Europa, algo que sempre nos deu um certo conforto. Em Espanha, o primeiro caso foi sinalizado a 31 de janeiro de 2020 e, em Portugal, o paciente zero só foi identificado em março. Não demorou muito para que os surtos dessem lugar a epidemias e estas à pandemia, oficialmente decretada pela Organização Mundial de Saúde no dia 11 de março.

O termo epidemia provém da fusão dos termos gregos epi, que significa “sobre” e demos que significa “povo”, ou seja, algo que se derrama pela população causando alarme e medo. A epidemia ocorre quando surge repentinamente um número substancial de pacientes sofrendo da mesma doença sem distinção de sexo, idade, raça ou classe social. A pandemia é o grau seguinte. Etimologicamente de origem grega, a palavra pandemia é a união das palavras pan que significa “tudo ou todos” e demos que significa “povo.”

De facto, todos foram afetados, de líderes políticos a médicos, de ricos a pobres, passando pela classe média.

Segundo os dados do Centro Europeu de Prevenção e Controlo das Doenças (ECDC), divulgados em meados de novembro, o Norte de Portugal era uma das 20 piores regiões na Europa, com uma incidência de 1298 novos casos por 100 mil habitantes no espaço de 14 dias, acima das regiões que abrangem Milão (1146), Paris (580) ou Madrid (353), algumas das mais afetadas na Europa. A análise por país, mostra que Portugal era, à data, o 12.º Estado europeu com mais novos casos por 100 mil habitantes, mais exatamente 802,11, enquanto a vizinha Espanha acumulava cerca de metade: 485,54.

A lentidão das autoridades de saúde foi comum a vários países. O vírus teve, até ao final de 2020, um ritmo de propagação sempre superior à implementação das medidas tomadas pelos governos que visam proteger os cidadãos. Segundo as autoridades de saúde, as máscaras são uma das formas mais eficazes de evitar a propagação de gotículas que possam transmitir o coronavírus SARS-CoV-2. Tanto assim que muitas cidades e países a tornaram obrigatório o seu uso em todos os espaços públicos, mesmo ao ar livre, para tentar controlar a pandemia. Quando é que isso ocorreu em Portugal? No final de outubro e com exceções: menores de 10 anos estão excluídos e as autoridades não podem penalizar os cidadãos se estes estiverem a mais de dois metros de outras pessoas com quem se cruzem na rua. Em Espanha, a medida já estava implementada pelo menos desde maio, com algumas variantes consoante as regiões.

O impacto económico decorrente da pandemia foi imediato em todo o mundo. Focando-nos nos casos de Portugal e Espanha, os estragos foram já visíveis nas últimas previsões da Comissão Europeia.

Previsões para 2020	Portugal	Espanha
PIB (% de variação face 2019)	-9,3	-12,4
Desemprego (% da população ativa)	8	16,7

Esta crise sanitária gerou, portanto, uma hecatombe económica e social. A primeira tentação foi encontrar culpados. Os chineses corporizam o diabo? Esse caminho é demasiado fácil. Repare-se que figuras tão insuspeitas quanto Bill Gates diziam, em 2015, que um vírus deste tipo poderia disseminar-se à velocidade da luz e colocar sob uma pressão inédita os sistemas de saúde do mundo desenvolvido. O facto de o ebola não ter chegado ao Ocidente foi, segundo Bill Gates, “pura sorte”.

A crise de 2008 foi, infelizmente, apenas um aperitivo. E teve uma vantagem: todos conseguimos identificar os culpados. Agora tudo mudou: a culpa pode mesmo morrer solteira. Ninguém melhor que Nuno Fernandes, professor português na prestigiada escola de negócios espanhola IESE, para nos explicar as diferenças entre 2008 e a actualidade. O que se passou em 2020 e não ocorreu 12 anos antes? Segundo o artigo “Economic effects of coronavirus outbreak (COVID-19) on the world economy”, estas são as diferenças fundamentais:


1. Estamos a viver uma pandemia;
2. Não afeta apenas os países menos desenvolvidos;
3. As taxas de juro estão em mínimos históricos;
4. O mundo está muito mais integrado, isto é, mais globalizado;
5. Esta crise está a contaminar as cadeias de abastecimento;
6. A procura e a oferta recuaram em simultâneo.

Vale a pena explorar e exemplificar este recuo quase simultâneo da procura e da oferta no caso dos serviços turísticos. Os ataques terroristas ocorridos num passado recente tiveram o efeito de desviar fluxos turísticos de um local para outro. Isso foi notório quando ocorreram ataques terroristas no Norte de África e os turistas foram procurar geografias mais pacíficas, em benefício de Portugal e até de Espanha. Agora, não há local para fugir. Isso aplica-se ao turismo como ao mercado de trabalho. Não há alternativa segura. Os aviões ficaram em terra, as companhias aéreas encolheram e os hotéis ficaram vazios ou fecharam.

“Esta crise sanitária é diferente de tudo o que conhecemos antes”, afirmou, no final de novembro de 2020, David Calhoun, presidente da Boeing, acrescentando que haverá um período de “vários anos” antes de se atingir os níveis anteriores à pandemia. No final de janeiro de 2020, 47.756 rotas operacionais cruzavam o mundo, mais de metade delas nos EUA, Europa Ocidental e Nordeste da Ásia, de acordo com a OAG Aviation Worldwide. A 2 de novembro, havia apenas 33.416 rotas. Ou seja, cerca de um terço desapareceu em menos de um ano. A Associação Internacional de Transporte Aéreo (IATA) previa que o tráfego de todo o ano de 2020 caísse 66% em comparação com 2019. Para 2021, estima ainda que, para chegarem ao breakeven operacional e neutralizar as perdas, as companhias aéreas precisem reduzir ainda os seus custos em 30% face a 2020, naquilo que seria uma descida sem precedentes na indústria da aviação.


Quem perde mais com esta crise no turismo? Portugal ou Espanha? Quanto maior a importância do turismo para a respetiva economia, maior seria, em princípio, o impacto. Vale a pena comparar alguns números que caracterizam os dois países no setor das viagens e turismo. O ponto de partida tem de ser 2019. Tudo corria pelo melhor na Península Ibérica, até março de 2020.

Em 2019, a Espanha foi a 13.<sup>a</sup> maior economia a nível mundial e a 4.<sup>a</sup> na União Europeia. Nesse ano, representou 10,5% da população da UE e gerou 8,9% do PIB. Era o 17º maior mercado emissor de turistas a nível mundial, tendo gerado 19,1 milhões de viagens em 2018. Em termos de gastos turísticos no estrangeiro, o mercado espanhol ocupou a 11.<sup>a</sup> posição mundial (26,7 mil milhões USD). De acordo a edição de julho de 2020 do Barómetro da Organização Mundial do Turismo (OMT), Portugal subiu duas posições no ranking global de chegadas de turistas internacionais, posicionando-se como o 15.<sup>º</sup> destino turístico mundial. Espanha é o segundo destino mais procurado a nível mundial, logo a seguir à França.



Muitos aviões em terra, um cenário comum na pandemia.

Portugal é um mercado bem menor, mas a dependência do turismo é proporcionalmente maior, como é visível no gráfico abaixo apresentado e que foi elaborado com dados do Conselho Mundial de Viagens e Turismo (em inglês World Travel & Tourism Council - WTTC).



Espanha ainda é o principal mercado emissor de turistas para Portugal (6,3 milhões de turistas, correspondendo a 25,5% do total), seguido do Reino Unido, França e Alemanha. Relativamente a destinos regionais, Espanha é o primeiro mercado no conjunto da procura externa para o Norte, Centro e Alentejo e segundo para a Área Metropolitana de Lisboa.

O problema criado pela pandemia de COVID-19 inaugurou um cenário inédito. Um mundo totalmente globalizado, por força das relações comerciais cruzadas de várias geografias e, sobretudo pela facilidade de viajar de avião, fez repentinamente uma pausa. As viagens desaceleraram abruptamente e o estrangeiro deixou de ser bem-vindo. Quem vem de fora, mesmo sendo um nacional, representa um potencial transportador do novo coronavírus. As fronteiras fecharam, reabriram e, em muitos casos, fecharam de novo. Os controlos de fronteira voltaram quase a uma lógica processual pré-globalização. Fiquem nos vossos países, parecia ser o discurso implícito nas decisões de muitos políticos cujo espírito democrático era inquestionável antes da pandemia.

A Comissão Europeia tentou, sem grande sucesso, alguma coordenação entre os Estados-membros da União

Europeia, mas o único resultado conjunto, se bem que com muito esforço, foi um pacote de ajudas à economia (a bazuca) e uma iniciativa conjunta no sentido de garantir vacinas contra a COVID-19 para todos os Estados-membros no início de 2021.


O Next Generation EU, a referida bazuca europeia de 750 mil milhões de euros, está incluído no orçamento europeu 2021-2027 e, por estar condicionado ao respeito pelo Estado de Direito, foi vetado pela Hungria e Polónia, pondo assim em risco a sua execução por carece de aprovação unânime dos 27. A velha regra da unanimidade é um óbice inquestionável à eficácia da União Europeia. Ao abrigo do Next Generation EU, Portugal receberá cerca de 29 mil milhões de euros, em empréstimos e subvenções a fundo perdido, realçou esta noite Ursula von Der Leyen. Espanha irá receber, até 2023, 59,2 mil milhões a fundo perdido, bem mais do que os 13,2 mil milhões atribuídos a Portugal, cujo governo disse já que recusará qualquer verba em forma de empréstimo.

O coronautoritarismo pode mesmo ser um fenómeno passageiro nas democracias ocidentais, mas não deixa de ser curioso constatar que os métodos usados para restringir direitos podem até ser mais eficazes do que em países mais “alternativos” ao nosso modelo. Segundo o artigo “Democracia, cultura e contágio: a capacidade de resposta de regimes e países”, da autoria de Carl Benedikt Frey,

Chinchih Chen e Giorgio Presidente, os regimes democráticos foram tão ou mais capazes de conter a mobilidade dos cidadãos do que os regimes autocráticos, nomeadamente o chinês.

Do ponto de vista interno, os “lockdowns” são encarados por muitos como ameaças aos direitos dos cidadãos e daqueles que trabalham. Os restaurantes ou os hotéis são bons exemplos disso, em Portugal, Espanha e em praticamente todo o mundo. Ao nível político, quem se queixa mais das restrições de movimentos e dos encerramentos compulsivos? Os extremos, à Direita ou à Esquerda do espectro partidário. Em outubro de 2020, por exemplo, Santiago Abascal, líder do Vox, ameaçou levar o caso a tribunal. Em Portugal, o segundo estado de emergência foi aprovado no Parlamento a 20 de novembro, mas o Chega, partido identificado com valores de extrema-direita, e o Partido Comunista Português votaram contra. Não foram os únicos. A Iniciativa Liberal, à direita, também o fez. Os extremos tocam-se em questões pontuais.

O discurso político em contexto pandémico ficará certamente mais visível à medida que nos aproximarmos das eleições presidenciais portuguesas, marcadas para dia 24 de janeiro de 2021. O último candidato a surgir foi o presidente em funções: Marcelo Rebelo de Sousa. É um social-democrata confesso, mas o seu apoio ao governo



Muitos cidadãos sentem-se presos e sob controlo.

socialista desde que tomou posse, em março de 2016, não tem passado despercebido. É uma figura de consensos que vencerá as eleições com maior ou menor vantagem, dizem todos os analistas. "O caminho da reeleição seria mais fácil - o próprio Marcelo dirá que gosta dos desafios - se na equação das eleições presidenciais não entrassem a socialista Ana Gomes [ala esquerda do PS] e André Ventura, líder do Chega, partido de extrema-direita", lembrou o Diário de Notícias, no dia 24 de novembro de 2020.

O ambiente vivido em várias cidades europeias não propicia um debate limpo de extremismos. Essa foi uma realidade visível no último trimestre de 2020, fruto do desgaste de várias medidas restritivas tomada ao longo dos meses anteriores. Os donos dos restaurantes, um dos setores mais penalizados pelos confinamentos, protestaram com muito ruído em Portugal, tendo-se registado vários confrontos com a polícia. Em Paris, milhares de pessoas manifestaram-se contra uma proposta de lei de segurança global que impede qualquer filmagem das forças policiais em ação. Madrid, Barcelona e muitas outras cidades foram palco de violentos protestos contra as restrições impostas para conter a pandemia.

Em "As origens do totalitarismo," Hannah Arendt explicou-nos algumas condições ideais para o surgimento de estados autocráticos. Poderá parecer exagerado falar do assunto no contexto das democracias que integram a União Europeia, mas as experiências temporárias dos estados de emergência, ou outros estatutos jurídicos de exceção dentro de cada país, fazem com que alguns se sintam menos livres e com que alguns líderes políticos que agarrem mais o efémero do que a essência estrutural dos problemas. Em vez de desvalorizarem o que é conjuntural, abraçam a crítica menos objetiva de quem governa. Qual é o objetivo deste discurso radicalizado? Visa acudir a quem está a ser prejudicado de alguma forma pelas restrições decorrentes da pandemia.

O populismo de direita, por exemplo, cresce suportado nos receios sobre segurança e sobre a incapacidade de os partidos tradicionais, que fazem parte do sistema, darem respostas cabais a problemas concretos. Um dos exemplos é o ataque desferido ao serviço nacional de saúde. Neste caso, a direita reclama uma maior cooperação com os privados.

Já a esquerda mais extremada reclama um serviço público de saúde reforçado que não obrigue o cidadão a recorrer aos privados e aos seguros de saúde. Este discurso tem matizes e variantes, mas no essencial traduz-se por uma bipolarização entre o estatismo e o reforço do papel dos privados.



Marcelo Rebelo de Sousa, presidente da República portuguesa.

Ora, a saúde será muito provavelmente um tema de debate intenso no caminho para as presidenciais portuguesas de janeiro de 2021. A COVID-19 revelou debilidades e impreparação por parte de quem lidera as instituições, uma incapacidade muitas vezes justificada pelo facto de estarmos perante um problema sanitário novo. A novidade é relativa, pelo menos em termos históricos. A gripe espanhola, mais conhecida em Portugal como "pneumónica," poderia ter servido de lição. O primeiro surto chegou a Portugal na primavera de 1918, mantendo-se até julho. O segundo apareceu em finais de agosto e durou até dezembro. Em maio de 1919, surgiu a terceira vaga e, segundo alguns autores, houve um quarto surto no outono/inverno de 1919 e 1920. O facto de Portugal já viver então num estado autocrático, sob liderança do regime presidencialista de Sidónio Pais, poderá ter evitado uma agitação social descontrolada.

A pneumónica coincidiu com epidemias de varíola e tifo, sobrecarregando os hospitais, tal como sucede agora com a COVID-19. No entanto, para além do facto de o uso legítimo da força estar nas mãos de um regime pouco democrático, a verdade é que a conjuntura era então infinitamente pior do que em 2020, se é que podemos comparar tempos históricos tão distintos. A participação de Portugal na I Guerra Mundial agravado a situação do

país. A fome e a miséria grassavam em vários pontos do país. Bens essenciais como azeite, farinha, açúcar, legumes e leite escasseavam. O que não é novo agora, comparativamente à pneumónica, é o pacote de recomendações. "Em matéria de prevenção, os médicos defendiam um conjunto variado de medidas: o isolamento dos infetados e o internamento compulsivo; se permanecessem em casa, deveriam privilegiar compartimentos amplos, bem iluminados e ventilados; a alimentação devia ser bem acautelada, sendo recomendado o consumo de grandes quantidades de leite; os resfriados e os ajuntamentos de pessoas deviam ser evitados; eram aconselhados cuidados redobrados com a higiene; era admitido o uso de máscaras e o recurso a fármacos usados para tratar outras enfermidades (...)", referem as investigadoras Alexandra Patrícia Esteves e Sílvia Pinto, no artigo científico "A gripe espanhola em Portugal: a construção da memória. O trabalho médico e a assistência hospitalar," publicado na revista brasileira Mundos do Trabalho em agosto de 2020.

Quem não deixará de aproveitar para falar da gestão da pandemia será André Ventura, que já classificou a corrida presidencial como "uma luta de regimes," assumindo o seu caráter disruptivo. Tanto o PSD (centro-direita) como o CDS-PP (direita) apoiam oficialmente Marcelo. O PS deu liberdade de voto aos seus militantes, embora apoie oficialmente o presidente em funções. Do seio dos socialistas, surgiu a candidata "clandestina" Ana Gomes, identificada com a ala esquerda do PS. Vista por muitos como polémica e corajosa, assume que quer uma presidência menos popular e mais assertiva nalgumas matérias. Como concorrente próximo do ponto de vista ideológico, Ventura só tem a companhia de Tiago Mayan Gonçalves, candidato desconhecido da Iniciativa Liberal, pese embora as propostas deste partido não sejam radicais e se atenham mais à ideia de desestatização da economia. O Bloco de Esquerda voltou a apresentar a eurodeputada Marisa Matias, que deverá acentuar as suas críticas ao Orçamento do Estado para 2021, que mereceu o voto contra do seu partido no Parlamento. O PCP avançou com o nome de João Ferreira, um putativo futuro líder dos comunistas, que não deixará de aproveitar o tempo de antena para defender as causas tradicionais do partido.

# O ano cero

**ERNESTO S. POMBO**

XORNALISTA



**F**oron numerosos os escritores de literatura fantástica e ciencia-ficción que ao longo da historia narraron inimaxinables episodios de epidemias e mortes masivas. Dende a peste de Atenas, da que escribe Lucrécio en *De rerum natura*, á do século XIV que orixina o *Decameron de Bocaccio*, pasando por *La peste* de Albert Camus. Pero ningún deles chegou a imaxinar unha etapa de colapso total como a que viviu o mundo durante o ano 2020, por mor da pandemia do COVID-19. Unha situación na que o planeta, por primeira vez na súa historia, parou completamente.

Porque nin nas mentes dos grandes escritores era posible pensar que

puidera producirse un cataclismo das proporcións do acontecido. Certo que se escotitaron voces que alertaban de infeccións masivas e crises sanitarias mundiais, como a do Consello Nacional de Intelixencia dos Estados Unidos que no 2004 vaticinou que “é simple cuestión de tempo que aparezca unha nova pandemia semellante ao virus da gripe de 1918-1919”. E a do creador de Microsoft Bill Gates, quen no 2015 predixo unha epidemia mundial por un virus altamente infeccioso.

Quizás por non prevelo, houbo un rexeitamento xeral en todo o planeta a recoñecer o alcance do perigo do COVID-19. España fixoo no mes de

marzo cando o virus xa circulaba libremente. Por eses días o Consello de Seguridade Nacional, máximo órgano asesor do Goberno na materia, aprobaba un informe sobre os maiores riscos a corto e medio prazo, no que non figuraba unha pandemia entre os más probables. E o máximo responsable español en alertas e emergencias, Fernando Simón, aseguraba que “cremos que España non vai ter, como moito, máis aló dalgún caso diagnosticado”.

A negativa a ver a realidade chegou ata a propia OMS. Nos primeiros días do fatídico 2020, con centos de contaxios e un falecido, non recomendaba restrinxir as viaxes a China, foco do virus,

rexeitando ao tempo a transmisión entre persoas. E non foi quen de declarar a pandemia ata o 11 de marzo.

E é que o COVID-19 saíu da localidade china de Wuhan e percorreu medio mundo, contaxiando a centos de milleiros de persoas, antes de que as élites dirixentes comezaran a aceptar os efectos devastadores que ía ter. Países houbo que se negaron a ver a ameaza ata que as consecuencias foron irreversibles.

## O 2020 presentábase con neboeiras e aviso de tormenta, ánda que con unha perspectiva mellor ca que deixaba atrás que fora un tempo para esquecer, pola parálise do crecemento económico mundial

Fallou a prevención, tamén a vixilancia, subestimouse o mal e o mundo enteiro non quixo crer o que se lle viña enriba. Houbo gobernos que, desprezando a ciencia, rexeitaren premeditadamente tomar medidas. Ou, como o español, que se enfrentou o primeiro caso coa inexperiencia de apenas 15 días de mandato. Tempo despois, o ministro de Sanidade, Salvador Illa recoñeceu que “visto o visto, todos chegamos tarde a isto”

### IMPROVISACIÓN

Así pois os gobernos reaccionaron e actuaron tarde, mal e inadecuadamente. Máis a cegueira non foi só institucional. Ningún estaba preparado para facerlle frente ao virus, de aí que houbese tanta improvisación. E a cidadanía captou os erros continuados, de xeito especial en España onde, a desafeción cos gobernos locais, autonómicos e central, así como cos medios de comunicación, fixose evidente. A pandemia salvou só ao persoal sanitario e de servicios de axuda que, na maioría dos casos con escasos medios, fixeron fronte a un inimigo descoñecido e altamente letal. E a sociedade recoñeceullo con un aplauso masivo acotío, desde os balcóns de cidades e vilas.

Foi esta iniciativa, xunto con “Resistiré” do Dúo Dinámico, un dos símbolos que adoptou a cidadanía como terapia de grupo durante a crise. E xunto a eles, as pancartas de “todo vai saír ben”, os medios de comunicación dando ánimo, e en todas partes a mensaxe do Goberno de que “este virus lo paramos unidos”. Porque diante dunha situación inédita, as reaccións foron tamén inéditas.

O 2020 presentábase con neboeiras e aviso de tormenta, ánda que con unha perspectiva mellor ca que deixaba atrás que fora un tempo para esquecer, pola parálise do crecemento económico mundial. Prevíase un ano difícil polos conflitos comerciais entre grandes potencias, a fraxilidade financeira, ameazas de ciberataques, tensións xeopolíticas e socio-políticas e un borroso futuro europeo tralo abandono do Reino Unido.

Pero co que non se contaba era coa paralización total do país, e do mundo, por primeira vez na historia. Con que o planeta esfarelárase en só unhas horas. A declaración do estado de alarma que deu o pé confinamiento absoluto, decretado polo Goberno español chegou o 14 de marzo, cando se contabilizaban 5.753 contaxios e 186 mortos. A declaración paralizou completamente toda actividade non esencial. A catástrofe económica estaba no horizonte e o Executivo despregou un plan de choque mobilizando o 20% da riqueza estatal, ademais de ditar regras para impedir desafiuamentos, pobreza enerxética e despidos laborais, establecendo os ERTE. Tamén os gobernos autonómicos, provincias e locais sumáronse aos plans de axudas.

Pero iso non trouxo a tranquilidade, de xeito especial á clase política que adoptou o Parlamento como o lugar no que dirimir as diferenzas. Ao contrario do acontecido en praticamente todo o mundo, as sucesivas decisións foron recibidas con críticas e descalificacións. Porque no retraso na toma de decisións estivo gran parte dos males e dos erros que marcaron o resto da crise.

O feito de que o Goberno de Pedro Sánchez concentrara todos os poderes no ministerio de Sanidade, reforzando as competencias de Interior, Transporte e Defensa, e perdendo os executivos autonómicos as competencias que tiñan, orixinou un tenso debate sobre o papel de cada un. Pese a todo, as seis prórrogas do estado de alarma foron saíndo aprobadas do Parlamento, ata

finais de xuño cando se puxo fin, de xeito graduado, ao confinamento, despois de case cen días de encerro, para recuperar o que se chamou a “nova normalidade”.

Daquela Galicia xa iniciara a senda desa normalidade ao ser a primeira comunidade en facelo, grazas aos datos favorábeis que presentaba. Pero se polémicas foron as diferentes declaracions dos estados de alarma, non menos o foi a “desescalada”. O presidente galego Núñez Feijóo que, dentro das numerosas discrepancias, foi un dos que mostrou maior proximidade co Goberno central, discrepou do xeito en que se deseñou esa “desescalada” pola heteroxeneidade coa que se propagaba o virus, creando diferentes necesidades. Como tamén o fixera coa declaración dos sucesivos estados de alarma, apostando por unha reforma da lei de saúde.

## A catástrofe económica estaba no horizonte e o Executivo despregou un plan de choque mobilizando o 20% da riqueza estatal

A xestión da catástrofe deu pé durante todo o ano a un permanente enfrentamento de Goberno e oposición e Goberno e comunidades autónomas. Os baróns autonómicos adquiriron especial protagonismo colaborando, pese as disensións xeneralizadas, maiormente co Executivo e tratando de poñer serenidade diante dun ambiente, por momentos, altamente crispado. Pese a todo, o presidente da Xunta de Galicia agradeceu, ao rematar as conferencias semanais de presidentes, a colaboración e o diálogo que presidiu a maioría dos encontros, recoñecendo incluso o esforzo do Goberno central “con acertos e erros, con acordos e diferencias”. En termos similares pronunciáronse os presidentes, tamén populares, de Andalucía, Murcia e Castela-León, que foron os que amosáronse más próximos as medidas do Goberno de Pedro Sánchez.

### CONFINAMENTO PROLONGADO

Aínda que se segue a escribir a historia da pandemia, o acontecido dende que se soubo que o virus circulaba polo mundo, resulta aterrador. Vivimos



Pedro Sánchez, no pleno do Congreso dos deputados do 16 de decembro.

unha ringleira de desastres con difícil reparación. Confinamento prolongado, paralización total de toda a actividade económica, restricións de movementos, despedimentos, ERTE, destrucción de emprego, aumento das desigualdades, caída de ingresos e peche de negocios. E, por riba de todo, mortes. Case dous millóns no mundo, unhas 88.000 en España e preto de 2.000 en Galicia, das que o 40% foron en residencias da terceira idade fronte a máis do 50% da media nacional. Foron as grandes damnificadas da crise. Tamén a economía, os tecidos empresariais, os estragos no mercado laboral e o aumento da pobreza que disparou as axudas sociais, colapsando os servizos de onenqués e concellos.

E iso que non pode dicirse que Galicia fora unha das zonas más afectadas. O COVID-19 deixou aquí unha pegada menor que noutras comunidades, en contaxios e en vítimas mortais. Tres das catro provincias galegas, coa excepción de Ourense, están entre as sete de España onde menos circulou o virus na primeira onda. Para o presidente Núñez Feijóo debeuse a que "esta crise fixolle xustiza a inversión sanitaria nas vacas fracas". Na súa opinión, as infraestruturas foron clave.

## **CRECIMIENTO 2019**

E no plano económico, a economía galega viña cun crecemento do 1,7% no 2019 prevía non rebaixar esta cifra no 2020, o maior despegue da riqueza nunha década. Pero chegou a pandemia e todas as previsións saltaron polo ar, ainda que non se acadou o deterioro

doutras comunidades xa que o impacto foi menor polo maior peso do sector primario e da industria derivada e polo menor peso dos servizos, que converteuse no epicentro da praga. Así, fronte as previsións de que España será a economía da OCDE que máis cae en 2020, e que non recuperará o PIB, que pode afundirse un 11,6%, ata dentro de tres anos, as estimacións sitúan a caída do galego no 9,7%. E é que, segundo un estudo da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, a economía galega resistirá mellor ca española se a pandemia se prolonga.

## **O PP, con Núñez Feijóo coa moderación como bandeira, volveu renovar a maioría absoluta, con más avantaxe, 42 deputados**

O mesmo acontece co mercado de traballo, onde o COVID-19 destruíu emprego no 85% dos concellos galegos. As previsións auguran que remata o ano no 12,3% de paro e que nos próximos meses chegará ao 12,9%, ou todo o máis ao 14%, mentres en España a EPA o sitúa no 16,2%, máis de oito puntos por riba da media da OCDE. Pese a todo, nos dez primeiros meses do ano, os máis críticos, o número de traballadores por conta propia en Galicia situouse na cifra máis baixa da última década con 209.000 traballadores.

Con todo, o informe Situación Galicia de BBVA Research, calcula unha caída da economía galega do 10,4% en 2020 e un crecemento do 6,2% en 2021, co que a recuperación quedará para o primeiro semestre de 2022, e estará condicionada á evolución da pandemia, á vacina e á xestión dos fondos da Unión Europea para a transformación da economía. O mesmo organismo di que o COVID-19 destruirá preto de 20.000 postos de traballo, ao tempo que o Ministerio de Traballo recoñeceu que España destruíu no último ano un terzo de todo o emprego perdido na Eurozona sendo o segundo país, despois de Grecia, que presenta unha maior taxa de paro.

O mercado laboral tivo unha boa nova cando, xa a piques de rematar o ano, o TSXG considerou nulo o despido de 534 traballadores da planta de Alcoa en San Cibrao, o Norte da provincia de Lugo, por evidente "mala fe" porque, segundo a sentenza, o "fin único e primordial que guiaba á empresa era apagar as cubas e pechar a fábrica do xeito máis rendible posible". A compañía anunciara o peche da planta en maio facendo fracasar as negociacións para a venda.

O ditame do TSXG chegou horas despois de que o Goberno central aprobase o fin do reclamado estatuto para industrias electro intensivas que favorece a actividade de Alcoa e doutras factorías como Siemens Gamesa das Somozas, a térmica das Pontes, Navantia, Ferroatlántica, Megasa ou Alu Ibérica, por citar algunas, todas en difícil situación.

## **IMPACTO PARA GALICIA**

Pese a estes mellores rexistros, e a que Galicia se situou entre as cinco comunidades con menor perda da competitividade, o impacto da pandemia foi duro para todos. Como no resto do mundo. O decretarse o fin do estado de alarma, máis da terceira parte da poboación activa galega atopábase en paro ou afectada por ERTE aos que nese tempo se acolleran case 18.000 empresas. E no balance dos danos da pandemia hai que rexistrar o incremento dos índices de pobreza e exclusión social, xa elevados antes do virus e que o indicador Arope situaba no 24,3% e que se incrementou de forma ostentosa facéndose visible en longas colas diante dos centros de axuda e as chamadas destes á solidariedade diante da carencia de recursos.

Aínda así, os datos sobre o incremento evidente de pobreza só se coñecerán

pasados uns meses e non de forma definitiva porque o efecto dos ERTE, ERES, peches de empresas e autónomos, tardarán tempo en poder ser avaliados, xa que non só depende da capacidade de crecemento galega, senón de factores alleos como a evolución da pandemia, situación de Europa e do mundo, o camiño que sigan os sectores exportadores e da capacidade dos sectores públicos para axudar a deixar atrás este tempo. As axudas da Unión Europea, de 140.000 millóns para España, poden ser decisivas. E tamén unión e traballo conxunto, como se exixe repetidamente desde todos os ámbitos da sociedade. Sacar a pandemia e "a saúde da confrontación política", como pedía o líder dos populares, Pablo Casado na campaña para as eleccións autonómicas, aínda que despois non o fixera. A consulta celebrouse en xullo, despois de se suspender en abril, entre grandes medidas de seguridade e non deparou sorpresas. O PP, con Núñez Feijóo coa moderación como bandeira, volveu renovar a maioría absoluta, con máis avantaxe, 42 deputados, mentres que

PSdG-PSOE repetiu resultado con 14 e o BNG triplicouno pasando de 6 a 19, froito, sobre todo do afundimento das mareas que perderon os 14 deputados dos que dispoñían, por unha traxectoria de discordias e personalismos. Así a todo, nas eleccións do COVID-19, o centro dereita, que case concentra todos os seus votantes no PP, baixou máis que a esquerda.

### **PAZO DE MEIRÁS**

A repercusión mediática e social da campaña non foi a doutras anteriores; pode que pola previsión dos resultados ou porque o inimigo invisible acaparouno todo, concentrando as inquedanzas cidadáns. Só así se entende que outros asuntos de transcendencia como a recuperación do Pazo de Meirás para a propiedade pública, o desaloxo da Casabranca de Donald Trump, os incendios forestais, a polémica en torno ao Rei emérito, coa súa marcha e o descubrimento dunha fortuna, ou as traxedias continuadas de pateiras, quedasen eclipsadas polo virus que nos chegou de Oriente e que bateunos con tanta virulencia que

obrigou a improvisar morgues, hospitais e residencias de ancíáns.

Pero fose por descoñecemento, por desinterese, por rexeitamento ou por medo, o certo é que o COVID-19, acompañado dunha nova cepa descuberta no Reino Unido, entrhou nas nosas vidas de xeito abrupto e para cambiar o cosmos. Mudou os comportamentos e o xeito de vida. E tamén as prioridades. No que economistas, filósofos e estudiosos coinciden é que nada volverá a ser como era e que haberá que deseñar un mundo novo no que a dixitalización, as relación entre persoas, o afondamento das desigualdades, o mundo laboral, o diálogo social, a educación online, a loita contra o cambio climático e, en fin, todo o mundo no que vivíamos a comezos de 2020 vai deixar paso a outro ainda descoñecido que irá tecéndose a medida que avancemos no tempo. Haberá que planificar un novo universo porque co remate do 2020 deixamos atrás o mundo no que vivímos e comezamos un novo. O 2020 foi o ano cero. E pódese falar do inicio dunha nova era remedando o calendario xuliano. O 2021 será o ano I d. C. Ano un, despois do Coronavirus.



Alberto Núñez Feijóo preside a reunión de coordinación do Plan Nadal.

# Na pesquisa da resiliência da Península Ibérica

## Portugal e Espanha aprovam uma estratégia comum

O primeiro ministro luso, António Costa, e o presidente do Governo de Espanha, Pedro Sánchez reuniram-se na 31<sup>a</sup> Cimeira Luso-Espanhola, que decorreu na Guarda, para discutirem a cooperação transfronteiriça e aprovarem uma estratégia conjunta de recuperação económica COVID-19. Serviços de saúde partilhados, criação da figura do trabalhador transfronteiriço e de um documento único de circulação são algumas das medidas previstas para melhorar a vida na Raia.



O presidente do Governo de Espanha, Pedro Sánchez, e o Primeiro-Ministro luso, António Costa.

## XXXI CIMEIRA LUSO-ESPAÑOLA

**O** Primeiro-Ministro, António Costa, afirmou na Guarda que Portugal e Espanha devem ter a ambição de ter melhores e mais fortes ferramentas para ajudar as comunidades que vivem na região da fronteira (raiana) e que isso vai permitir “reforçar a resiliência da Península Ibérica”. Esta estratégia de desenvolvimento transfronteiriço é uma estratégia para desenvolvermos em conjunto nos próximos anos e que tem várias dimensões”, explicou o primeiro-ministro português diante dos jornalistas, na Guarda.

António Costa e Pedro Sánchez reconheceram que estão perfeitamente alinhados e que devem incorporar estas prioridades e permitir criar, em toda a zona raiana, “uma nova centralidade neste mercado ibérico”.

Na conferência conjunta com o seu homólogo espanhol, Pedro Sanchez, na Guarda, o Primeiro-Ministro destacou a importância da Estratégia Comum de Desenvolvimento Transfronteiriço e cujo impulso fundamental ocorreu na Cimeira Luso-Espanhola, em 2018, em Valladolid.

Sobre esta estratégia, Pedro Sánchez disse que a mesma tem o objetivo muito claro de promover a igualdade de oportunidades, não apenas para as pessoas mas também para os territórios.

**António Costa afirmou que Portugal e Espanha devem ter a ambição de ter melhores e mais fortes ferramentas para ajudar as comunidades que vivem na região da fronteira**

Sánchez salientou que “há muitas áreas que fazem parte deste tratado de amizade. Subacente a estas cimeiras bilaterais está um tratado de amizade que celebramos desde 1997. É esta ideia que temos em relação à Europa de amanhã e do futuro”, concluiu.

### **UNIÃO EUROPEIA**

António Costa disse também que a existência de uma Península Ibérica mais forte permite que os dois países

trabalhem, em conjunto, no quadro da União Europeia, no quadro da política de vizinhança com os outros países do sul, da bacia do Mediterrâneo e também em toda a comunidade ibero-americana.

**Pedro Sánchez:**  
**“Num momento tão transcendental para a Europa, ser Portugal a liderar o trimestre do próximo ano é uma fonte de tranquilidade, que nos dá confiança”**

“Desta vez não iremos separados a Bruxelas; iremos em conjunto dizer em Bruxelas que temos aqui uma visão, uma estratégia, projetos concretos para desenvolver e queremos-lo fazer em conjunto porque queremos que esta região de fronteira não seja um ponto de separação, mas pelo contrário um ponto de união entre os nossos dois países”, disse.

O Presidente do Governo Espanhol, por sua vez, referiu-se a esta “cimeira europeista”, destacando o “alinhamento total” dos planos de recuperação português e espanhol.

O Presidente do Governo Espanhol destacou ainda a Presidência Portuguesa da União Europeia, no primeiro semestre de 2021, acrescentando que “num momento tão transcendental para a Europa e para o mundo, ser Portugal a liderar esse trimestre do próximo ano é uma fonte de tranquilidade, que nos dá confiança”.

“Afinal há aqui questões muito importantes: como o pacto para as migrações e asilo, a saída do Reino Unido da UE, os planos de recuperação que irão ser postos em prática ao nível europeu, toda uma série de quadros também de cooperação comercial que temos de estabelecer com a América Latina e também com África;” detalhou Pedro Sánchez.

### **COVID**

Para Sánchez, esta cimeira foi também importante para dar resposta à crise pandémica. “Em primeiro

lugar, porque a Europa tem de dar uma resposta comum a um problema comum, que é a pandemia. Estamos a fazê-lo com o plano de emergência sanitária, por exemplo, e ao negociar com as empresas farmacêuticas” a aquisição da vacina que disse esperar chegar o mais cedo possível.

“Finalmente, planeámos muitos outros âmbitos de cooperação, como o agroalimentar, territorial, cultural e o reforço do património comum que temos que é o linguístico”, avançou.

### **HUB DIGITAL E ENERGIA**

Para além do apoio ao desenvolvimento da região fronteiriça entre Portugal e Espanha, António Costa destacou a oportunidade que ambos os países têm em tornar-se num hub digital:

“Nós podemos ser um grande hub digital. A Espanha receberá brevemente a conexão de um novo cabo de ligação com o continente africano. Em junho será amarrado a Portugal o novo cabo de ligação da europa com a América Latina, e isso vai criar uma base de infraestruturas extraordinária, para que possamos ser um hub nesta nova indústria do digital, dos dados, do block chain e da inteligência artificial”, detalhou o Primeiro-Ministro.

**A Estratégia Comum de Desenvolvimento Transfronteiriço contempla cinco eixos estratégicos, como a mobilidade transfronteiriça, muito centrados nos trabalhadores transfronteiriços e na eliminação de custos de contexto**

No que diz respeito à energia e aos desafios propostos pela União europeia, em matéria de sustentabilidade e transição energética, o Primeiro-Ministro disse que Portugal e Espanha têm condições para serem “os fornecedores

## XXXI CIMEIRA LUSO-ESPAÑOLA



de hidrogénio verde para o conjunto da Europa” e “do melhor mix ambiental de energias renováveis e isso exige que o façamos em conjunto”.

A propósito do lítio -do qual ambos os países são detentores- António Costa disse que não nos devemos limitar à sua extração mas também a “desenvolver a capacidade industrial para que os produtos de maior valor acrescentado, que se podem desenvolver a partir deste recurso natural tenham, na Península Ibérica, uma base industrial e, de preferência, numa região de fronteiras para que o possamos desenvolver e beneficiar em conjunto”.

### O FUTURO

O futuro da fronteira comum, com mais de 1.200 quilómetros e uma das mais antigas da Europa, passa por garantir

a igualdade de oportunidades para a região, promover a atividade e favorecer o repovoamento, os objetivos da estratégia, que procura assegurar os serviços públicos e a igualdade de oportunidades.

Uma proposta global que em Portugal vai beneficiar 145 municípios e 1,6 milhões de pessoas -62% da superfície do país- e em Espanha 3,3 milhões de habitantes de 1.231 municípios -17% da superfície espanhola-.

A Estratégia Comum de Desenvolvimento Transfronteiriço contempla cinco eixos estratégicos, como a mobilidade transfronteiriça, muito centrados nos trabalhadores transfronteiriços e na eliminação de custos de contexto; a melhoria das infraestruturas e da conectividade territorial, medidas relativas às vias de comunicação

rodoviária e ferroviária e às questões de internet e da rede móvel nos territórios de fronteira; a coordenação dos serviços básicos, como a saúde, educação, serviços sociais e da proteção civil; ao desenvolvimento económico e inovação e ao ambiente e contempla medidas para a atracção de pessoas, de empresas e de novas actividades e dinâmicas. Já o quinto eixo contempla medidas para o Ambiente, Energia, centros urbanos e Cultura.

Este documento foi aprovado pelos dois Governos nesta Cimeira e conta com os contributos do AECT da Eurorregião Galicia-Norte de Portugal através do Plano de Reativação da Cooperação de proximidade.

Pretende-se assumir uma estratégia a longo prazo para os territórios da fronteira como um espaço de oportunidade de

## XXXI CIMEIRA LUSO-ESPAÑOLA

desenvolvimento sócio-económico e de internacionalização e de um mercado ibérico que ganhe ele próprio uma centralidade maior naquele que é o contexto europeu.

### **MOBILIDADE E SEGURANÇA**

- Regular a figura do trabalhador transfronteiriço.
- Criar um documento único para facilitar a mobilidade de menores na fronteira.
- Analisar a eliminação das portagens das autoestradas portuguesas para trabalhadores fronteiriços.

### **INFRAESTRUTURA E CONECTIVIDADE**

- Linhas de avanço nas redes ferroviárias e rodoviárias.
- Troços rodoviários: Bragança-Puebla de Sanabria; Moraleja-Monfortinho-Castelo Branco; Vilar Formoso-Fuentes de Oñoro; Zamora-Quintanilla; Miranda do Douro-Zamora por Sayago; Nova ponte entre

Sanlúcar de Guadiana-Alcoutim; Ponte internacional sobre o rio Sever para se unir com Cedillo e Nisa.

- Ferrovias: Linha Beira Alta (Fuentes de Oñoro-Salamanca); Plataforma logística Elvas-Badajoz; Covilhã-Guarda; Viana do Castelo-Valença; Eixo Atlântico (Lisboa-Porto-Vigo-Santiago de Compostela-Corunha).
- Novas infraestruturas ferroviárias: Troço Évora-Caia na linha Lisboa-Sines-Évora-Badajoz-Cáceres-Madrid.
- Internet: projeto piloto 5G para corredores Porto-Vigo; Évora-Mérida; Aveiro-Salamanca; Faro-Huelva.

### **GESTÃO CONJUNTA DE SERVIÇOS BÁSICOS**

- Criação de um cartão médico transfronteiriço
- Cooperação na gestão de serviços de emergência, como o 112 ou proteção civil e em incêndios florestais.

- Intensificar a vigilância mista da fronteira e nas costas face aos fluxos migratórios.

### **DESENVOLVIMENTO ECONÓMICO E INOVAÇÃO TERRITORIAL**

- Promover harmonização fiscal entre ambos países.
- Reforçar as relações empresariais luso-espanholas.
- Estabelecer um programa de desenvolvimento agroflorestal e agroalimentar.
- Promover o turismo com especial enfoque nas zonas despovoadas.

### **AMBIENTE, ENERGIA, CENTROS URBANOS E CULTURA**

- Apoiar a gestão das áreas protegidas transfronteiriças.
- Promover as energias renováveis e descarbonização da economia.
- Avanço em projetos culturais transfronteiriços.
- Apoio à inovação tecnológica.



Sánchez e Costa.

# Feijóo revalida a súa cuarta mayoría absoluta en medio dunha pandemia

O ano 2020 deixa en Galicia a cuarta vitoria folgada de Alberto Núñez Feijóo á fronte do Executivo autonómico; as demoledoras consecuencias sanitarias e económicas da pandemia e un acontecemento insólito na fronteira: a limitación da mobilidade só para mercadorías e traballadores. As excelentes relacóns entre ambos veciños impulsan un plan de reactivación para minimizar as consecuencias.



O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, cos dous vicepresidentes e nove conselleiros.

**G**razas de corazón Galicia, Galicia, Galicia... por cuarta vez Galicia!" Esta foi a mensaxe de Alberto Núñez Feijóo na súa conta de Twitter logo de coñecer o resultado da súa cuarta maioría absoluta en Galicia. Co telón de fondo da crise da COVID-19, o presidente galego obtivo 42 escanos nun Parlamento que volve a ter tres forzas políticas como nos tempos de Manuel Fraga. O BNG logrou con Ana Pontón, 19 deputados, e o PSdeG-PSOE, con Gonzalo Caballero, 14 representantes. Os galegos votaron pola continuidade fronte a un inimigo común chamado pandemia. Galicia, áinda que estivo lonxe tanto na primeira onda coma na segunda (ao longo de 2020) das cifras de contaxios doutras comunidades, sufriu a perda de vidas e de actividades económicas que se viron esmagadas polo confinamento dos meses de primavera. As urnas avalaron a capacidade do presidente galego para facer fronte os demoledores efectos da pandemia mundial.

A formación do goberno tamén foi continuista a excepción da constitución de dúas vicepresidencias e cambios de titularidade en Sanidade, Educación e Emprego e Igualdade. A primeira das vicepresidencias, a cargo de Alfonso Rueda, e unha segunda, con Francisco Conde á fronte, para reforzar a aposta pola economía. O resto dos cambios foron devolver a Román Rodríguez a competencia en materia de Educación, outra pedra angular na crise do coronavirus; e o relevo á fronte da Consellería de Sanidade, onde Jesús Vázquez Almuiña foi sustituído polo vigués Julio García Comesaña. A segunda cara nova no goberno galego é a de María Jesús Lorenzana, como nova conselleira de Emprego e Igualdade.

#### A XESTIÓN DA COVID-19

A chave da xestión de Alberto Núñez Feijóo da pandemia foi a rapidez na toma de decisións, dirixindo un liderado sen fisuras e mostrando un bo talante co Goberno central, matizando con críticas algunas das decisións saídas de Moncloa pero, en conxunto, indo da man do goberno central para loitar conxuntamente coa pandemia.

Galicia estivo á cabeza en decretar o peche dos colexios a partir do 16 de marzo. E tamén foi a primeira comunidade en prohibir fumar na rúa. O confinamento de marzo foi descendendo pouco a pouco nesta comunidades e mantivo a raia a situación durante o verán. Así ata o 14 de

outubro, cando se produce un "repunte perigoso" en palabras do presidente galego. Os datos volveron a obrigar a tomar novas decisións e restricións cando Galicia era a terceira das comunidades españolas con menores taxas de incidencia. Novamente, o presidente galego volvía estar á cabeza, entre os primeiros gobernos rexionais en tomar decisión para dobrigar a curva, pechar 60 municipios, incluída a hostalaría e acotar as relacións a convivientes.

#### A formación do goberno tamén foi continuista a excepción da constitución de dúas vicepresidencias e cambios de titularidade en Sanidade, Educación e Emprego e Igualdade

"Volvemos a ser avanzadilla dentro das comunidades" explicou o presidente galego na rolda de prensa ofrecida o 4 de novembro. Quen volveu lembrar que "Galicia seguirá coa lealdade institucional co Goberno de España, unha lealdade compatible «coa crítica construtiva»."

A presión hospitalaria, con 80 persoas nas ucis, e 483 pacientes con coronavirus ingresados, cun total de 957 falecidos desde o inicio da pandemia e 9.079 casos activos, fai que o comité clínico de expertos avalie e se tomen novas decisións co obxectivo tamén de tomalas con marxe para salvar a campaña de Nadal.

O obxectivo é que os negócios poidan reabrir no mes de decembro. Núñez Feijóo anunciou que o Consello da Xunta analizará medidas de apoio á hostalaría, un sector especialmente afectado. "O respecto do sistema é do que estamos falando. Aínda que a posibilidade non está garantida imos intentar salvar la campaña de Nadal. «Insisto no de todos» porque o éxito «depende de todos», subliñou o presidente.

As medidas tomadas en novembro afectaron ao 60 por cento de la poboación galega. No 40 restante, limitábanse as reunións a seis persoas e cun toque de queda de 23:00 a 06:00 horas.

#### REACTIVACIÓN NA FRONTEIRA

No eido transfronteiriço, as dúas ondas da pandemia tamén afectaron e crearon unha situación insólita: o peche da fronteira entre Galicia e Portugal.

O executivo portugués declarou o estado de alerta o 13 de marzo. Todos os centros de ensinanza do país suspenderon as súas clases e limitou o tráfico fronteiriço con España ao cruce de mercadorías e traballadores transfronteirizos. Tras o confinamento, a Xunta e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento do Norte (CCDR-N), crearon o plan de reactivación da cooperación transfronteiriça, confirmando a continua e estreita relación entre os dous países.

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, reuniuse en varias ocasións coa vicepresidenta da CCDR-N, Ester Silva para analizar as propostas e achegas que foron incluídas no Plan de Reactivación da Cooperación de Proximidade na Fronteira do Norte



Alberto Núñez Feijóo no Hospital Clínico Universitario de Santiago - CHUS.

de Portugal con Galicia, un documento elaborado en coordinación con todos os actores da cooperación transfronteiriza e coordinado pola AECT, que perseguía paliar o impacto do peche, durante varios meses, da fronteira entre España e Portugal por mor da crise sanitaria da COVID-19 e o 9 de xullo, en Vigo, na sede da AECT.

Pero na segunda onda, decretouse outro peche a partir do 30 de outubro e enduronceronse as medidas de prevención. Desde ese mesmo día, Portugal decide obrigar ao uso da máscara pola rúa sempre e cando non se poida manter a distancia social aconsellada para todas as persoas maiores de dez anos.

### **REALIDADE POSCOVID**

A mediados de novembro, o vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda, mantivo unha reunión co novo presidente da CCDR-N, António M. Cunha, co obxectivo de afrontar a nova realidade pos COVID-19 a través do traballo da AECT da Eurorrexión e de proxectos conxuntos. Ao encontro tamén asistiu o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo.

Os dous mandatarios abordaron a importancia de avanzar no Plan de Reactivación da Cooperación de Proximidade na Fronteira do Norte de Portugal con Galicia e actuar en conxunto para conseguir que os fondos europeos

para o período 2021-2027 tiveran en conta de forma especial ás áreas de fronteira.

Por iso, o Plan contemplou proxectos presentados por eurocidades, concellos e AECT dotados cun investimento de case tres millóns de euros.

### **Galicia estivo á cabeza en decretar o peche dos colexios a partir do 16 de marzo. E tamén foi a primeira comunidade en prohibir fumar na rúa**

O vicepresidente primeiro da Xunta destacou a importancia do PIC para planificar de forma conxunta os investimentos da Eurorrexión e que no próximo período financeiro apostará pola innovación, a ecoloxía, a cohesión e areposta o desafío demográfico.

Nesta liña, destacou o traballo e a aposta pola cooperación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que grazas á súa boa xestión e a iniciativas como o PIC, conseguiu situarse como a primeira en captación de investimento no marco do POCTEP, entre 2014 e 2020, cun total de 135 millóns de euros para a posta en marcha de 80 proxectos. En concreto, tal e como sinalou Alfonso Rueda, case

o 60% do investimento en iniciativas transfronteirizas foron para as presentadas por Galicia e o Norte de Portugal.

Rueda incidiu en que a Eurorrexión ten que seguir a manter esa posición de liderado, polo que é necesario acordar, como se fixo nesta reunión, "un marco común e sentar as bases dos criterios para os proxectos que se vaian presentar co obxectivo de captar fondos europeos".

O vicepresidente primeiro apelou a continuar a cooperar no ámbito da Eurorrexión con iniciativas en conxunto que beneficien aos cidadáns de ambos lados da fronteira. Así, confía en que as "boas relacions" e estes anos de cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal permitan "seguir conseguindo fondos", en especial neste ano marcado pola COVID-19 e o peche da fronteira durante o estado de alarma.

Na reunión abordáronse ademais as propostas consensuadas entre a Xunta e o Norte de Portugal que se avaliaron no Cumio Ibérico celebrado en outubro do 2020 entre os gobernos de España e Portugal. Nesta liña, ambas institucións seguen a reclamar un impulso do Camiño Portugués a Santiago de Compostela para dar un novo pulo ao Xacobeo 2021, a finalización do tren de alta velocidade entre Vigo e Porto e a construcción da saída sur de Vigo para prolongar esta liña, así como a conexión internacional por autovía entre Galicia e o noreste portugués.



O Rei Felipe VI e Alberto Núñez Feijóo.



Tomada de posse de António M. Cunha.

# António M. Cunha eleito presidente da CCDR Norte

O ex-reitor da Universidade do Minho, António M. Cunha, foi eleito presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N) com 72% dos votos.

**O**s presidentes e vice-presidentes das Comissões de Coordenação e Desenvolvimento Regional (CCDR), tomaram posse no dia 29 de outubro, na cidade de Coimbra. A cerimónia decorreu no Convento de São Francisco e foi presidida pelo Primeiro-Ministro, António Costa e contou com a presença da Ministra da Modernização do Estado e da Administração Pública, Alexandra Leitão, do Secretário de Estado da Descentralização e da Administração Local, Jorge Botelho, da Diretora-Geral das Autarquias Locais, Sónia Ramalhinho e do Subdiretor-Geral, José Moreira. Na tomada de posse esteve também a Ministra da Coesão Territorial, Ana Abrunhosa.

De acordo com os dados divulgados pela Direção-Geral das Autarquias Locais (DGAL), dos 4091 eleitores inscritos, votaram 3304 autarcas, tendo-se registado 759 votos brancos, 148 nulos e 2397 votos a favor.

## **António M. Cunha: “O Norte é, quer ser e tem de ser, uma Região motora e uma Região liderante, para bem de si mesmo e para o bem de Portugal”**

O novo presidente da CCDR-N, António M. Cunha, salientou que a região deu um sinal inequívoco de maturidade, de afirmação e vontade de mudança, afirmando ser estimulante ter alcançado tantos votos.

“A legitimização regional que recebi dá mais força e mais independência ao exercício do meu mandato de Presidente da CCDR-N. Serei um intérprete responsável dessa legitimização”, disse.

Segundo António M. Cunha, candidato único de “um acordo entre os dois partidos”, PS e PSD, o ato eleitoral representa uma viragem positiva, marcando uma nova etapa no “desenvolvimento mais participado e democrático, mais ambicioso e sustentável da Região Norte” e na afirmação “da sua consciência coletiva e da sua voz no país e no espaço inter-regional ibérico”.

### **VICE-PRESIDÊNCIA**

Segundo os dados da DGAL, para a vice-presidência do organismo do Norte

foi eleito o ex-autarca social-democrata de Macedo de Cavaleiros Bernaldo Pinto (também candidato único), com 60 votos a favor e 11 brancos, num universo de 71 votantes, em 86 eleitores inscritos.

Para António M. Cunha, começa agora uma nova fase “complexa e decisiva no futuro da região”, com muitos desafios e pouco tempo para o fazer.

“O presente e o futuro estão cheios de oportunidades - tanto no atual ciclo de instrumentos de financiamento comunitário, como naquele que se avizinha -, mas também de incertezas, atrasos e questões por esclarecer. Nesse contexto exigente, a CCDR-N terá de reencontrar-se com a sua melhor tradição de planeamento estratégico e de gestão proativa e exigente”, assinalou o dirigente.

“O Norte é, quer ser e tem de ser uma região motora e uma região liderante, para bem de si mesmo e para o bem de Portugal”, concluiu.

Perto de 4100 eleitos de 86 concelhos participaram pela primeira na votação para eleger o futuro presidente da CCDR-N.

### **3,6 MILHÕES DE HABITANTES**

Com cerca de 3,6 milhões de habitantes, a região do Norte concentra quase 35% da população residente em Portugal, assegura perto de 39% das exportações nacionais e representa cerca de 29% do Produto Interno Bruto (PIB) da economia nacional, descreve a CCDR-N na sua página oficial na Internet.

Mais de 10 mil autarcas foram chamados a eleger pela primeira vez, através de colégios eleitorais regionais, os cinco presidentes das CCDR, que eram até agora nomeados pelo Governo.

Apesar de ser formalmente uma eleição, os candidatos resultaram maioritariamente de um acordo entre o Governo e o líder da oposição, Rui Rio, e o sistema não é consensual, tendo havido vários apelos ao boicote por parte de autarcas e partidos.

As CCDR são serviços desconcentrados da Administração Central, dotados de autonomia administrativa e financeira, incumbidos de executar medidas para o desenvolvimento das respetivas regiões, como a gestão de fundos comunitários.

### **RESTO DE CANDIDATURAS**

No Alentejo, a única CCDR com dois candidatos, o responsável pela Entidade

Regional de Turismo do Alentejo e Ribatejo, António Ceia da Silva (PS), venceu por 94 votos as eleições, que também eram disputadas pelo atual presidente da CCDR, Roberto Grilo, que se candidatou como independente.

No Algarve, o presidente é José Apolinário, que deixou o Governo socialista na recente remodelação para se candidatar precisamente a este cargo.

Mantêm-se à frente das CCDR que já lideraram Isabel Damasceno, no Centro, e Teresa Almeida, em Lisboa e Vale do Tejo (LVT).

## **Mais de 10 mil autarcas foram chamados a eleger pela primeira vez, através de colégios eleitorais regionais, os cinco presidentes das CCDR, que eram até agora nomeados pelo Governo**

Isabel Damasceno, ex-presidente da Câmara de Leiria, social-democrata, é presidente da CCDR centro desde janeiro deste ano, e a arquiteta Teresa Almeida dirige a CCDR-LVT desde meados de 2019, nomeada pelo PS.

No caso da eleição para um dos vice-presidentes foram eleitos o arquiteto José Pacheco para o Algarve; o ex-autarca Aníbal Reis Costa (PS) para o Alentejo; o geógrafo Jorge Marques de Brito, atual secretário executivo da Comunidade Intermunicipal da Região de Coimbra, para o Centro; e Joaquim Sardinha, autarca em Mafra (PSD), para LVT. Todos eles eram candidatos únicos.

O Governo referiu que as eleições decorreram “com normalidade”, registando uma taxa de participação de 85,4% até às 23:30, quando faltavam apurar 19 mesas eleitorais.

O Executivo apresentou as eleições indiretas por um colégio de autarcas para as presidências e de um vice-presidente para cada uma das CCDR como uma tentativa de “reforçar a governação de proximidade e a legitimidade democrática a nível regional” e dar mais um passo no processo da descentralização.

No Twitter, o Primeiro-Ministro António Costa saudou os eleitos, lembrando que, pela primeira vez, não foram nomeados pelo Governo, mas eleitos pelos autarcas das regiões.

### **MODELO EQUILIBRADO**

Na cerimônia de tomada de posse, António Costa afirmou que a eleição dos presidentes e vice-presidentes pelos autarcas de cada região (Norte, Centro, Lisboa e Vale do Tejo, Alentejo, e Algarve) é um «passo fundamental» para uma verdadeira representatividade da região, deixando de haver nomeações do Governo de todos os seus membros.

O Primeiro-Ministro sublinhou que este modelo é equilibrado, não antecipa nem prejudica eventuais passos tomados na direção da regionalização e «permitti uma concertação entre Governo, Assembleia da República e Presidente

República», evitando qualquer incidente político legislativo.

### **Para a vice-presidência do organismo do Norte foi eleito o ex-autarca social-democrata de Macedo de Cavaleiros, Beraldino Pinto e Célia Ramos, que foi reconduzida no cargo de Vice-Presidente pelo Governo**

«Esta reforma chega no momento certo. Era essencial que se fizesse a mudança neste momento em que estamos a

concluir o Portugal 2020 e temos de começar a desenhar próximos programas operacionais regionais», acrescentou.

Os próximos programas já vão ser elaborados a partir da própria região e as próximas semanas deverão ser marcadas pelo acordo entre Comissão Europeia e Parlamento Europeu sobre o próximo quadro financeiro plurianual e sobre o Plano de Recuperação e Resiliência, o que permitirá que «as regiões estejam em condições para começar a trabalhar na execução dos próximos programas operacionais regionais».

Este passo dado vai alargar as competências das Comissões de Coordenação e Desenvolvimento Regional ao nível da coordenação dos demais serviços da administração central, integração das redes e de outros serviços e organizações da região, bem como áreas como a educação, cultura e saúde.



António Costa, durante a tomada de posse de António M. Cunha.

# Aposta pola innovación, a ecoloxía, a cohesión e o reto demográfico nun contexto marcado pola **COVID-19**

**BEATRIZ ALVARIÑO**

XORNALISTA



Medico atende a paciente.

## PLAN DE INVESTIMENTOS CONXUNTOS (2021-2027) DA EURORREXIÓN

**O** Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) é un documento que serve para planificar de xeito coordinado os investimentos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. De feito, a GNP, AECT, foi a primeira en contar cunha ferramenta destas características no período 2014-2020. Grazas a isto e á boa xestión dos proxectos, a Eurorrexión situouse como a primeira en captar investimentos dentro do POCTEP, Programa Operativo de Cooperación transfronteiriza España-Portugal entre 2014 e 2020 cun total de 135 millóns de euros para a posta en marcha de 80 proxectos. En concreto, case o 60% do investimento en iniciativas transfronteirizas foi para as presentadas por Galicia e o Norte de Portugal.

### FORTALECIMENTO

O PIC 2021-2027 será a nova guía da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Este plan estratégico está en liña coas prioridades europeas e centrarse en superar a situación actual causada pola pandemia da COVID-19, reforzar a competitividade e aumentar o valor dos puntos fortes da Eurorrexión. Innovación, ecoloxía, cohesión e reto demográfico son os principais eixes.

Este documento contén elementos que contribuirán directamente, en primeiro lugar, a fortalecer o tecido produtivo da Eurorrexión a través da

investigación científica e a transferencia de tecnoloxía, a súa dixitalización e a súa crecente internacionalización; en segundo lugar, promover a adaptación ao cambio climático mediante un firme compromiso coa descarbonización e a transición enerxética; en terceiro lugar, á incrementar a resiliencia fronte ao cambio demográfico e ás ameazas para a saúde pública; e, finalmente, á cohesión económica, social e territorial. Inclúe tamén unha estratexia de xestión de crise sanitaria, tendo en conta as circunstancias causadas pola COVID-19.

### CINCO OBXECTIVOS E UN DESAFÍO

A nova programación 2021-2027 do PIC baséase nos seguintes principios de acordo coas directrices europeas: consolidar a capacidade de resiliencia da Eurorrexión para afrontar as dificultades e responder rapidamente ás futuras crises; recuperar a confianza da ciudadanía; consolidar os dereitos sociais; avanzar no proceso de dixitalización; promover dun xeito intelixente, decidido e sostible as futuras transicións enerxética, dixital e do mercado do traballo, e garantir o carácter dinámico do Plan cunha comisión de acompañamento e avaliación do mesmo.

O Plan de Investimentos Conxuntos (2021-2027) da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal persegue cinco obxectivos e un desafío:

1. Traballar xuntos para afrontar a nova realidade post-COVID-19, reforzando o papel da Eurorrexión e consolidando a súa visibilidade como unha área segura e fiable, contando coa participación dos sectores sociais más vulnerables.

2. Afianzar a cooperación de proximidade ou fronteiriza, principalmente en zonas con maior densidade de poboación onde as sinerxías sociais, económicas e culturais son más fortes.

3. Recuperar e fortalecer a confianza entre os cidadáns e na propia Eurorrexión.

4. Dinamizar a participación da sociedade civil, principalmente do sectores empresarial e terciario.

5. Contribuír a mitigar o desequilibrio territorial, a través de políticas públicas proactivas que permitan aos axentes sociais desenvolver todas as potencialidades dos territorios interiores e rurais, aproveitando as oportunidades que poderían derivar dos novos paradigmas da enerxía (como a descarbonización), a economía circular e o desenvolvemento sostible.

E, finalmente, o desafío. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal busca adaptarse ao cambio demográfico para aproveitar as oportunidades dunha poboación cuxa esperanza de vida é cada vez máis alta.

### CATRO EIXES

O PIC da Eurorrexión ata o 2027 baséase en catro eixes compartidos:

1. Unha Eurorrexión máis competitiva e conectada, que se centra na innovación, a dixitalización e a internacionalización como instrumentos para crear emprego de mellor calidade.

A competitividade económica é inseparable da xeración de emprego de calidade. As taxas de paro son moi elevadas: en Galicia situouse no 13,3% da poboación activa e no Norte de Portugal no 7,4% fronte o 6,9% da media europea en 2018. Moi significativo é o desemprego xuvenil, cunha taxa do 32,2% en Galicia e un 19% no Norte luso, moi lonxe do 15,2% da UE. A



Ponte internacional Tui-Valença.

---

**PLAN DE INVESTIMENTOS CONXUNTOS (2021-2027) DA EURORREXIÓN**


---



creación de emprego sostenible pasa pola recuperación e o crecemento do tecido produtivo da Eurorrexión en clave de competitividade. Sen dinamismo empresarial no vai haber crecemento nin creación de emprego. A competitividade debe estar apoiada nun desenvolvemento intelixente, integrado e sostenible, condición para xerar emprego de calidade e duradeiro.

### **A creación de emprego sostenible pasa pola recuperación e o crecemento do tecido produtivo da Eurorrexión en clave de competitividade**

Unha primeira prioridade estratéxica é o reforzo da investigación, principalmente en tres sectores clave para a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como a biotecnoloxía, a industria 4.0 e a economía circular, e das estruturas de transferencia do

coñecemento, cun estudo dos resultados e un uso intensivo das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nas pemes.

Unha segunda prioridade estratéxica é mellorar a conectividade das persoas, bens e servizos avanzados. Os investimentos deben estar orientados a unha conexión territorialmente competitiva como o Corredor Atlántico, o programa eurorexional de mobilidade intermodal, o acceso rápido e seguro a comunicacíons móveis de banda longa como a tecnoloxía 5G, e a coordinación

de plataformas loxísticas multimodais que permiten aproveitar as autoestradas marítimas atlánticas.

Unha terceira prioridade é a posta en marcha dunha estratexia eurorexional de internacionalización para aumentar a competitividade das empresas con investimentos dirixidos á consolidación dos cinco clústers transfronteirizos (téxtil, automóbil, TIC, metal e biotecnoloxía) e a dinamización de novos clústers, especialmente nas áreas de turismo e agroalimentaria. Tamén é necesario impulsar a ampliación do programa



## PLAN DE INVESTIMENTOS CONXUNTOS (2021-2027) DA EURORREXIÓN

### COMERCIO EXTERIOR GALICIA (POR PAÍSES EN PORCENTAXES)

País/rexión	Exportacións			Importacións		
	2018	2010	2000	2018	2010	2000
UE28	78	76	81	53,7	53,7	63,4
Francia	18,9	32,4	26,5	26,8	18,5	35,2
Portugal	13,6	15,1	17	9,6	11,4	8,8
Italia	9,7	7,6	8,4	3,8	3,9	4
Reino Unido	7	3,3	7,2	1,6	4,9	5,9
Alemania	5,6	3,5	7,2	3,6	4,7	4,2
Estados Unidos	2,4	2,5	2,6	2,3	2,8	4,3
México	1	0,7	1	3,9	5,5	4,3
China	0,8	0,7	0,4	4,1	4,1	1,3

Fonte: IGE.

IACOBUS para a mobilidade de investigadores dos centros tecnológicos, a volta de talento mozo e o reforzo do comercio exterior cuxo volume de negocio non parou de medrar, incluso en Galicia dobrou no que vai de século.

#### 2. Unha Eurorrexión máis ecológica e descarbonizada para afrontar o cambio ambiental global e a transición enerxética xusta.

É necesario promover unha Eurorrexión verde, incluíndo un sector primario cun enorme potencial e outro azul, que explote a riqueza dos océanos dun xeito sostible.

As prioridades estratégicas deben promover a resiliencia fronte ao cambio ambiental global con programas de transición enerxética equilibrada e plans para combater os efectos dos cambios climáticos nos ecosistemas máis vulnerables, a consolidación e protección dunha infraestrutura verde eurorexional e a mellora dos Plans de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS).

Unha segunda prioridade estratégica é a promoción da economía circular e o

uso sostible dos recursos naturais con accións de investimento para o apoio de accións de descarte cero na pesca, verme-compostaxe no sector primario, o aumento do consumo de proximidade e a mellora na xestión do ciclo da auga.

#### 3. Unha Eurorrexión máis social, integradora, resiliente e segura para afrontar o desafío demográfico e as ameazas para a saúde pública.

O desafío demográfico é un dos retos más preocupantes para o desenvolvemento futuro. O cambio

demográfico que afecta a Europa e a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal caracterízase por un envellecemento progresivo da poboación. No que vai de século, no Norte de Portugal hai un 7% más de persoas con 65 anos ou máis. En Galicia ese incremento é dun 6% de un 5%. O envellecemento rexistrase sobre todo nas subrexións do interior e en Galicia, debido á desertificación demográfica pero tamén económica no rural.

### As prioridades estratégicas deben promover a resiliencia fronte ao cambio ambiental global con programas de transición enerxética equilibrada

Outro dato relevante, ligado ao progresivo envellecemento da poboación, é o aumento da idade media da poboación. As cifras tanto no Norte luso (45,3 no 2019) como en Galicia (47,9) superan a media da Unión Europea, que se situou en 43,1 anos en 2018. Tamén aumentan as taxas de mortalidade sobre todo en Galicia, aínda que a mortalidade infantil está por debaixo da media europea nos dous territorios. Os baixos niveis de fecundidade e natalidade resaltan tanto en Galicia como no Norte de Portugal.

Unha primeira prioridade estratégica é incluir a perspectiva demográfica nas políticas públicas a través de investimentos orientados a plans eurorexionais de apoio

### PORCENTAXE DE ENERXÍA DE FONTES RENOVABLES

País/rexión	2005	2010	2015	2018
UE28	9,1	13,1	16,7	17,9
España	8,4	13,8	16,2	17,4
Galicia	20,3	35	38	37,2
Portugal	19,5	24,1	30,5	30,3

Fonte: Eurostat, IGE.

## PLAN DE INVESTIMENTOS CONXUNTOS (2021-2027) DA EURORREXIÓN



ás familias e á conciliación familiar, con especial atención á vivenda, ó emprego, a educación de 0 a 3 anos, a dependencia e con incentivos fiscais á natalidade. Ademais, debe promoverse o emprendemento dos mozos e a formación orientada ao mercado laboral, e dar máis apoios a proxectos de responsabilidade social corporativa centrados na conciliación da vida profesional e familiar e ao aumento da fecundidade das mulleres activas. Programas de retorno de nova poboación, fomentando a mitigación da desertificación demográfica nas zonas rurais e a inclusión social dos emigrados e retornados, e a promoción do envellecemento activo e saudable como fortaleza da Eurorrexión son outras das accións nos plans de investimento.

Unha segunda prioridade é a reafirmación dos dereitos sociais dos

cidadáns para limitar a desigualdade con enfoque de xénero. Os investimentos teñen que reforzar os programas de formación profesional dual, tendo en conta as necesidades dos sectores sociais vulnerables e territorios con baixa densidade demográfica. Tamén, contémplanse programas de alfabetización para persoas maiores e vulnerables.

A COVID-19 serviu para visibilizar a importancia que ten a prevención na saúde pública para afrontar non só riscos epidemediolóxicos, senón tamén para outras enfermidades como as relacionadas co sistema circulatorio, que son as causas de maior mortalidade na Eurorrexión (357 por cada 100.000 habitantes en Galicia e 277 no Norte de Portugal), seguidas do cancro (311 e 242, respectivamente) e das que afectan ao sistema respiratorio (147 e 116, respectivamente).

Unha terceira prioridade estratégica é o aumento da resiliencia fronte ás ameazas para a saúde pública, a través de protocolos de cooperación en situacionés de emergencia sanitaria e biolóxica e programas coordinados para tratar a soidez e a depresión dende a óptica da saúde pública.

**A COVID-19 ten que servir tamén para repensar o modelo de coidado dos maiores en toda a Eurorrexión**

A COVID-19 ten que servir tamén para repensar o modelo de coidado dos maiores en toda a Eurorrexión. É necesario deseñar programas

## PLAN DE INVESTIMENTOS CONXUNTOS (2021-2027) DA EURORREXIÓN

### PORCENTAXES DE POBOACIÓN POR IDADES

País/rexión	0-14			15-64			65 ou máis		
	2019	2010	2000	2019	2010	2000	2019	2010	2000
UE27	15,17	15,42		64,57	66,95		20,25	17,62	
España	14,76	14,91	14,80	65,83	68,28	68,62	19,39	16,80	16,53
Galicia	11,87	11,62	12,34	62,96	66,25	67,50	25,16	22,11	20,14
Portugal	13,69	15,30	16,50	64,46	66,44	67,46	21,83	18,25	11,41
Norte	12,82	15,51	18,04	66,70	68,31	68,35	20,46	16,16	13,59

Fonte: Eurostat.

de formación técnica, humana e organizativa, que permitan aumentar a resiliencia fronte a futuras crises de saúde ou o grao de satisfacción coa atención recibida da poboación envellecida más illada e das persoas que viven nas residencias para a terceira idade, os más afectados pola crise sanitaria. A telemedicina e a asistencia médica móvil xogan un papel moi importante nesta área.

#### 4. Unha Eurorrexión máis cohesionada en beneficio da cidadanía.

Unha Eurorrexión máis cohesionada, que mellore a calidade de vida dos seus habitantes, ten que basearse nunha apostase polo equilibrio territorial na distribución demográfica, tanto no escenario costeiro-interior como na dimensión rural-urbana.

Os investimentos van orientados cara á coordinación e desenvolvemento de estratexias conxuntas que racionalicen a oferta e a demanda de servizos nas zonas periurbanas e rurais, a planificación territorial integrada do sistema de asentamentos, a promoción de sistemas multifuncionais que fomenten a diversidade de usos (produtivos, residenciais, turísticos, paisaxísticos) no interior e da zona rural e a dinamización dos procesos de certificación da calidade e biodiversidade dos produtos agrícolas, mariños e artesanais para aumentar os ingresos dos produtores e a seguridade dos consumidores.

A capacidade institucional, a coordinación e a eficiencia das relacións entre os distintos niveis das

administracións e destes cos seus homólogos do país veciño son claves para que os resultados cheguen á cidadanía. A eliminación dos custes de contexto transfronteirizos, o lanzamento dun programa eurorrexional de equipamentos compartidos e o uso conxunto das potencialidades que teñen elementos compartidos como os Camiños de Santiago, o enoturismo ou o turismo termal e a paisaxe son algunas das prioridades de investimento para promover a cooperación entre os dous territorios co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos cidadáns.



# La AECT promueve medidas para favorecer la movilidad de los niños lusos y españoles



**L**a Eurorregión Galicia-Norte de Portugal trabaja desde 2019 en un proyecto impulsado por la AECT y la Comisión Europea, para favorecer la circulación de los menores que realicen actividades culturales, deportivas o educativas en áreas transfronterizas. Esta medida se ha puesto encima de la mesa dentro de la Estrategia Común de Desarrollo Transfronterizo (ECDT) que se presentó en el marco de la Cumbre Ibérica de 2020.

La propuesta pretende que exista una autorización específica que permita a los menores aprovechar las actividades, infraestructuras y servicios existentes en áreas transfronterizas como en el caso de las eurociudades. El proyecto se ha desarrollado en el marco de la iniciativa b-Solutions, donde un experto, en este caso el catedrático de Derecho Internacional Público José Manuel Sobrino Heredia, fue el encargado de coordinar el estudio y de definir una posible solución.

La eurociudad Cerveira-Tomiño, en la que sus valedoras de la ciudadanía transfronteriza ya alertaban de este problema a través de un informe, fue el ejemplo sobre el que se desarrolló el proyecto. Analizó las dificultades que encontraban los padres y profesores, antes del inicio de la pandemia provocada por el COVID-19, cuando un menor quería asistir a una clase o realizar una actividad deportiva al otro lado de la frontera.

Tras analizar el marco legislativo español y el portugués y mantener entrevistas con diferentes entidades y agentes sociales, José Manuel Sobrino Heredia identificó el origen de los obstáculos en los actuales procedimientos jurídicos y administrativos que regulan los desplazamientos de los niños que no están acompañados por sus padres. Aunque las normativas de cada país pretenden proteger los intereses de los menores en el exterior, estas impiden el pleno desarrollo y formación de los niños cuando se aplican a espacios

transfronterizos como las eurociudades, en los que hay una gran integración e interacción territorial, social y humana. En este sentido, también se analizan las limitaciones para que la población de ambos lados de la frontera pueda beneficiarse del uso compartido tanto de las infraestructuras como de los servicios existentes en la zona, en el campo de la educación, cultura, deporte y ocio.

## UNA AUTORIZACIÓN CON MAYOR DURACIÓN

Como resultado de los trabajos impulsados por la AECT de la Eurorregión, se sugiere la creación de un modelo piloto de autorización para las eurociudades que pueda ser exportado para otras fronteras internas europeas donde esos obstáculos jurídicos y administrativos también existan.

Este modelo de autorización debería tener una duración mayor, permitir la posibilidad de ser utilizado en varias ocasiones y estar limitado a un territorio transfronterizo específico, como el de la eurociudad.

Durante el trabajo de campo, se realizaron varios encuentros con los representantes de las escuelas y asociaciones de padres de la zona; Guardia Civil; Guardia Nacional Republicana; Centro de Cooperación Policial y Aduanero de Tui-Valença do Miño (CCPA); el Servicio de Extranjeros y Fronteras; notarios y solicitadores; representantes institucionales de las eurociudades Cerveira-Tomiño, Tui-Valença y Monção-Salvaterra; Valedoras de la ciudadanía transfronteriza de Cerveira-Tomiño; la CCDR-N; la Xunta de Galicia y la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra, entre otros.

**B-SOLUTIONS**

# Simplificação da circulação de trabalhadores transfronteiriços

A fronteira entre a Galicia e o Norte de Portugal regista mais de metade da mobilidade dos fluxos transfronteiriços de pessoas e veículos dos dois Estados.



Vila Nova de Cerveira.

O Programa b-Solutions, promovido pela Associação de Regiões Fronteiriças Europeias (ARFE), tem como objetivos principais identificar e promover a resolução de obstáculos fronteiriços de carácter jurídico e/ou administrativo, ao longo das fronteiras internas da UE.

A simplificação da circulação de trabalhadores transfronteiriços, o projeto apresentado pelo AECT da Eurorregião Galicia-Norte de Portugal à Comissão Europeia foi um dos selecionados na

convocatória do Programa b-Solutions de 2020 e enquadra-se na área temática da cooperação institucional e pretende solucionar a questão da Guia de Circulação para os trabalhadores transfronteiriços.

